



# O gato Maragato

Actividades

A principal finalidade na educación dos máis cativos é contribuír ao seu desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual a través de experiencias e actividades didácticas de carácter lúdico que sirvan para darlles a posibilidade de expresar e argumentar as súas opinións e tamén de buscar solucións creativas a distintas cuestións. E este é o obxectivo final das propostas que seguen, ideadas coa premisa de axudar a gozar deste conto alén do propio texto.

As competencias básicas máis directamente relacionadas coas nosas actividades son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística a través da expresión de pensamentos, emocións, vivencias e opinións. A lingua debe ser instrumento para construír relacións en termos de igualdade e para eliminar estereotipos, e, neste sentido, *Maragato* ten algo que dicir.
- Competencia cultural e artística mediante a posta en funcionamento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Competencia social e cidadá, porque o desenvolvemento desta posibilita comprender a realidade social na que se vive, convivir e comprometerse para participar na súa mellora. Expresar as ideas propias e escoitar as alleas, aprender a ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista, valorar as diferenzas e recoñecer a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos son tarefas ás que pode contribuír a lectura de *O gato Maragato*.
- Competencia para aprender a aprender, que implica ter consciencia das capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria ou a comprensión e a expresión lingüística, entre outras.



Maragato non se sente cómodo facendo o que se espera del, para gran desgusto das persoas que o rodean.

Ante esta situación só caben dúas opcións: apandar co seu destino de gato e cazar ratos, ou aventurarse a buscar algunha estratexia que lle permita manter a súa identidade.

Será capaz de dar coa solución a tamaño conflito?

# Enredamos cos nomes

---

Un **acróstico** é unha composición na que a letra inicial de cada liña forma unha palabra cando se le en sentido vertical. Aquí tes un acróstico formado por unha morea de adxectivos que definen o gato Maragato para compoñer con eles o seu nome. Proba ti a facer o mesmo co teu nome ou co das persoas que queres.

**M**alabarista

**A**moroso

**R**abilongo

**A**trevido

**G**alante

**A**stuto

**T**eimudo

**O**rganizado



# Versos diversos

---

Crear un poema pode ser ben doado se atopamos a rima perfecta para o que queremos expresar. Teremos que probar sorte coa axuda dalgunhas imaxes. Escolle a que mellor rime coa palabra do recadro, igual que no exemplo que che poñemos:





Maragato



Nada lle gusta máis a Maragato  
que durmir dentro dun zapato.

Vello



---

---


Chaqueta



---

---



# Discusión



---

---


# Contentos



---

---

Colasa



---

---



# Pensando na vida

---

Neste conto aparecen moitos personaxes dos que non sabemos practicamente nada, pero podémolo inventar. Axudámoste a imaxinar quen é cadaquén con algunhas preguntíñas:



Este home debeu de ver algunha cousa que o deixou abraiado.

Que vería? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Ou non durmiu ben e por iso pon eses ollos?

\_\_\_\_\_

Por que levará o bastón?

\_\_\_\_\_

Non pode andar ben porque vai maior ou porque caeu e se mancou?

\_\_\_\_\_

Está triste ou contento? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Vai ben vestido? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Onde vive? \_\_\_\_\_


\_\_\_\_\_

Como é a súa casa? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Vive só ou con alguén máis? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



Esta muller leva algo na man.

Que é? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

De onde vén con iso? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Como é ela? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

En que traballa? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_





Por que vai patinando?

---

---

---

Ten présa por chegar  
a algures ou está a pasear?

---

---

---

Como se chama?

---

Cantos anos ten?

---

Paréceche que está seria?

---

Que está pensando?

---

---

---

Como vai vestida?

---

---

---

Gústache como vai vestida?

---



# O conto das mil e unha historias

---

Neste conto as ilustracións están cheas de pequenos detalles que, se cadra, agochan unha morea de historias. A ver se dás atopado os seguintes obxectos e imaxinas o que hai detrás deles.

## 1. Tes que buscar dúas maletas vellas.

De quen cres que son? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que fan aí colocadas? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que poden gardar dentro? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que lugares visitarían? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Onde che gustaría que fosen? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**2. Agora a ver se ves un xogo de catro cuncas.**

De quen son as cuncas? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que se vai servir nelas? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Haberá convidados ou serán para os da casa? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**3. Por algures deberías atopar un tarro de marmelada.**

De que é a marmelada? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que farán con ela? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Cal é a que máis che gusta a ti? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

#### 4. Tamén hai tres floreiros.

Quen trouxo as flores? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Son para celebrar algo? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

A quen lle regalas ti flores? Por que? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

#### 5. E un comodísimo sofá.

Quen senta nese sofá? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que fai nel: descansar, ler, ver a tele...? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



# A vella Colasa

---

Na casa de Maragato viven dúas persoas: Pancracia e Colasa, pero no conto só podemos ver a Pancracia.

Que sabemos da vella Colasa polo conto?

---

---

---

Como pensas que é o aspecto físico da Colasa?

---

---

---

Cres que será doce? Agradable? Rosmona? Malhumorada? Simpática?

---

---

---

Fai un debuxo da Colasa tal e como ti a imaxinas.  
Podes pintala e coloreala ou facela con recortes de revistas,  
xornais, teas...

# Poñemos caras

---

As vellas Colasa e Pancracia pensaban que tiñan un gato un tanto curioso.

Poderías dicir esta frase expresando distintas emocións?

## Temos un problema co gato

Serías capaz de facer os xestos destes estados de ánimo?

tristeza

ledicia

preocupación

enfado



[glia@gliaedicion.com](mailto:glia@gliaedicion.com)

[www.gliaedicion.com](http://www.gliaedicion.com)